



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN DE CONDENA DOS ÚLTIMOS ATAQUES DAS FORZAS DE OCUPACIÓN ISRAELÍ EN PALESTINA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción de condena dos últimos ataques das forzas de ocupación israelí en Palestina.

Exposición de motivos

Dende que en 1948 Israel comezou o desaloxo e usurpación do territorio palestino, as agresións militares con especial incidencia sobre a poboación civil convertéronse nunha ameaza continua. Os bombardeos sobre a Franxa de Gaza estanse a repetir en sucesivas operacións ao longo dos últimos anos cun custe de vidas humanas altísimo e exacerbando a situación de crise que vive a Franxa polo bloqueo imposto por Israel dende 2007. Nesta ocasión, co infame argumento dos mísiles caseiros que se envían dende solo palestino lanzáronse miles de toneladas de bombas intelixentes, de alto valor destrutivo, que arrasaron infraestruturas clave coma carreteras, fábricas, escolas u hospitais.

Como en 2014, os bombardeos foron constantes e sacudían día e noite todo o territorio da Franxa de Gaza. Os brancos do Exército israelí foron os barrios máis poboados e xa mataron a máis de 200 persoas, entre eles máis de 60 nenas e nenos. A Franxa de Gaza é unha das zonas máis densamente poboadas do mundo e unha operación de bombardeo masivo non pode supoñer outra cousa que o xenocidio de poboación inocente.

As condenas da sociedade civil mundial e de numerosos gobernos non parece facer mella na determinación israelí de expulsar á poboación palestina, xa que esta última escalada

se iniciou coa violencia de grupos de colonos de extrema dereita sobre a poboación palestina de Jerusalén e os intentos de expulsar a seis familias palestinas do barrio de Sherikh Jarrah para que as súas casas sexan ocupadas por colonos. Isto responde a un plan cuxo obxectivo é rematar coa presenza palestina en Jerusalén. Nos últimos días, vemos coma incrementábase a violencia policial, o exército israelí ocupou a Mezquita de al-Aqsa, e reprimido brutalmente as protestas que se están a producir en todo o territorio palestino, matando a máis de 20 persoas ata o momento.

Este novo proceso de expulsión e colonización Palestina, constitúe unha clara violación do dereito internacional e ademais desencadeou protestas en todo o territorio. Ante isto, Israel reprimiu as protestas en Jerusalén e noutras cidades, ferindo e detendo de forma arbitraria a centenaes de manifestantes.

Na actual ofensiva Israel mobilizou a 5.000 reservistas para esta operación bautizada coma “Guardianes del Muro”, e prohibiu o paso á Franxa de Gaza a periodistas, bombardeando as oficinas de axendas internacionais, buscando eliminar testemuñas.

Palestina non pode seguir sendo atacada ante o silencio da comunidade internacional. É por elo que propoñemos que esta corporación municipal ratifique o seu compromiso cos dereitos humanos e consigne un compromiso co pobo palestino e a súa resistencia, exixindo medidas concretas que obriguen a Israel a respectar a legalidade internacional e os dereitos do pobo palestino. Tras décadas de apartheid, este novo ataque confirme que debemos poñer fin á impunidad coa que sigue actuando Israel.

Por todo elo, o grupo Municipal de Ferrol en Común propón ao Pleno do Concello de Ferrol a aprobación dos seguintes ACORDOS:

1. Amosar a nosa máis rotunda condena á agresión do Goberno de Israel ao pobo palestino.
2. Instar ao Goberno español a que condene o ataque, recoñeza o Estado palestino e traballe polo cumprimento das resolucións da ONU.
3. Instar á ONU a que poña ao Estado de Palestina baixo a protección internacional, así coma a crear unha comisión de investigación sobre os bombardeos israelís en Gaza.

4. Exixir ao Goberno de Israel que dea cumprimento á resolución 242 C.S. da ONU, 22 de novembro de 1967 e proceda ao retiro militar dos territorios ocupados.
5. Exixir o derrubo do muro do apartheid construído por Israel en territorio palestino, e instar á reparación dos danos ocasionados polo bloqueo e os bombardeos.
6. Instar a promover dende o Concello unha campaña de axuda de emerxencia para paliar a situación que se está a vivir na Franxa de Gaza, atendendo ao chamamento de Cruz Roja para pedir axuda humanitaria.

Ferrol, 24 de maio de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común